



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Teoría da educación	Código	652G01001	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Barba Núñez, María	Correo electrónico	maria.barba@udc.es	
Profesorado	Barba Núñez, María	Correo electrónico	maria.barba@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Teoría da Educación pretende contribuír a preparar ás futuras mestras e mestres de Educación Infantil para ser profesionais críticas, para poder reflexionar sobre a súa práctica e as razóns últimas da súa actuación, así como para ser capaces de interpretar con criterio sólido as tendencias educativas actuais en relación ao contexto político, histórico e social no que se sitúan. Permite así ás alumnas e alumnos achegarse ao concepto de educación, as funcións sociais da escola, ou as grandes dimensións, fins e principios dos procesos educativos. Aprofunda a análise dos dereitos da infancia, os movementos pedagóxicos contemporáneos e o estudo de innumerables correntes e teorías educativas que, dende unha perspectiva crítica e teórico-práctica, contribúen a ofrecer unha alternativa innovadora ao modelo escolar tradicional, apostando por outros xeitos de facer e pensar a educación.</p>			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos - Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión maxistral, a través de vídeo. - Actividades iniciais, a través de Moodle. - Análise de fontes documentais. - Recensión bibliográfica. - Estudo de casos. - Presentación oral, a través de Teams. - Traballos tutelados. - Portafolio virtual. - Discusión dirixida - *Metodoloxías docentes que se modifican - As actividades iniciais realízanse a través de tarefas no Moodle. - A presentación oral do traballo pasa a realizarse a través de Teams. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle: Permanentemente actualizado. Cámbiase a estrutura por temas por unha estrutura por semanas, para facilitar ao alumnado a comprensión das tarefas asociadas a cada semana. Cóllese cada semana o vídeo referido á sesión expositiva. É necesaria a súa consulta, dado que é a ferramenta que ofrece con claridade a visualización dos contidos abordados e tarefas asociadas. Teams: Convértese na nova aula para as interactivas. As sesións interactivas danse a través dos ?Equipos? creados para cada un dos grupos de interactivas. Semanalmente, no horario de interactivas, faise unha chamada grupal dirixida a clarificar dúbidas sobre o ?vídeo-presentación? desa semana e a explicar a dinámica de traballo da interactiva. Créanse ?Grupos de Chat? para cada un dos grupos de aprendizaxe colaborativa (GAC). Durante o horario das interactivas, a docente fai o seguimento do traballo que vai realizando cada grupo. Emprégase o Chat individual co alumnado, segundo o soliciten, para facer tutorías individuais. Correo electrónico: Frecuentemente. Como vía de comunicación co alumnado, especialmente na clarificación de dúbidas que poidan xurdir. Se lle pide ao alumnado que traslade a través deste medio calquera dificultade que teñan respecto ao seguimento da materia, para valorar e artellar as adaptacións precisas. 4. Modificacións na avaliación. A única modificación na avaliación é a referida á proba de ensaio. Mantéñense as condicións da súa elaboración pero de forma non presencial. A proba realízase na data e hora do exame. A proba estará habilitada para a súa entrega no Moodle. *Observacións de avaliación: Mantéñense as condicións anteriores. No caso de alumnado con necesidades específicas, acórdase coa persoa e coa ADI a metodoloxía docente e de avaliación. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía - Ningunha</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.



A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
A27	Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A1	B22	C4
Coñecer a epistemoloxía das Ciencias da Educación e situar entre elas a Teoría da Educación	A1	B22	C4
Descubrir o impacto da teoría en toda práctica educativa.	A13		
Precisar o concepto de educación.	A19		
Caracterizar e diferenciar procesos educativos dos que non o son.	A31		
Analizar os fins sociais da educación e a función social da escola.			



<p>Analizar e comprender a educación como fenómeno complexo, explicando a súa funcionalidade e principais características.</p> <p>Describir os espazos e procesos educativos, como base para intervir na práctica.</p> <p>Coñecer os principais paradigmas en educación.</p>	<p>A1</p> <p>A4</p> <p>A5</p> <p>A6</p> <p>A10</p> <p>A13</p> <p>A19</p> <p>A30</p>		<p>C8</p>
<p>Abordar a educación como dereito, e como elemento de acceso a outros dereitos, e a responsabilidade pública da súa garantía.</p> <p>Comprender os elementos que viran en torno ao dereito á educación: igualdade, liberdade e calidade.</p> <p>Valorar a dignidade do ser humano expondo a liberdade e a autonomía como elementos do desenvolvemento persoal.</p> <p>Abordar a educación para a cidadanía global como estratexia educativa na promoción de marcos de xustiza, tolerancia, e na promoción doutros modelos de desenvolvemento.</p>	<p>A13</p> <p>A27</p> <p>A31</p>	<p>B24</p>	<p>C4</p>
<p>Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas innovadoras en educación infantil.</p> <p>Saber promover a adquisición de hábitos ao redor da autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.</p> <p>Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.</p> <p>Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.</p> <p>Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidad e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.</p>	<p>A4</p> <p>A6</p> <p>A19</p> <p>A22</p> <p>A23</p> <p>A28</p>	<p>B4</p> <p>B5</p> <p>B12</p>	<p>C8</p>
<p>Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Traballar de forma colaborativa.</p> <p>Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.</p> <p>Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.</p>		<p>B9</p> <p>B14</p> <p>B16</p> <p>B18</p>	
<p>Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.</p> <p>Capacidade de análise e síntese.</p> <p>Capacidade de organización e planificación.</p> <p>Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.</p>	<p>A20</p>	<p>B2</p>	<p>C7</p>
<p>Aprender a aprender.</p> <p>Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.</p> <p>Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.</p> <p>Autonomía na aprendizaxe.</p> <p>Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.</p> <p>Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.</p> <p>Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.</p> <p>Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.</p>	<p>A5</p> <p>A10</p> <p>A22</p> <p>A30</p>	<p>B7</p> <p>B10</p> <p>B22</p> <p>B23</p> <p>B24</p>	
<p>Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.</p>		<p>B1</p>	<p>C1</p> <p>C2</p>
<p>Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.</p> <p>Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.</p>	<p>A24</p>		<p>C4</p> <p>C7</p> <p>C8</p>

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Explicación e comprensión do feito educativo.	<ul style="list-style-type: none"> - A Teoría da Educación: niveis de análise e planos explicativos. - Ámbito conceptual: caracterización científica da educación. - Natureza e funcións sociais da educación.
2. Dimensións, fins e principios da educación.	<ul style="list-style-type: none"> - Dimensións presentes en toda práctica educativa. - Fins, valores e principios deontolóxicos da educación. - Relacións estruturais entre educación e sociedade. A institución escolar como produto social. - Aproximación aos paradigmas en educación e movementos pedagóxicos contemporáneos.
3. O dereito á educación.	<ul style="list-style-type: none"> - Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación. - Lexislación e dereito á educación: perspectiva nacional e internacional. - Dereito á educación: igualdade, liberdade e calidade.
4. A educación como proceso de comunicación interpersonal.	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación e educación. - Pedagogías activas. - A experiencia educativa de Reggio Emilia. - A educación para a cidadanía global - Comunicación e saber profesional: O educador/a como profesional.
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> - A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica. - Sociedade educativa: proxecto educativo de cidade; cidades amigas da infancia; etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A5 A10 A19 A27 A28 A31 B12 B1 C1 C2	14	0	14
Actividades iniciais	A10	3	0	3
Análise de fontes documentais	A1 A4 A5 A13 A27 A28 A31 B4 B5 B9 B10 B14 B2	4	23	27
Recensión bibliográfica	A10 A13 A19 A22 A27 A28 A31 B4 B9 B10 B1 B2 C2	0	20	20
Presentación oral	A20 B7 B9 B10 B16 B23 B1 C7 C8 C1 C2 C7	4	5	9
Estudo de casos	A6 A13 A19 A23 A24 A30 B1 B2	3	10	13
Traballos tutelados	A20 B4 B9 B10 B12 B14 B16 B18 B22 B24 B1 B2 C7 C8 C1	0	10	10
Portafolios do alumno	A5 B4 B9 B10 B12 B14 B1 B2 C8 C1	4	16	20
Discusión dirixida	A13 A20 B1 C4 C7 C1 C2 C7	6	0	6
Proba mixta	A1 A4 A6 A13 A19 A27 A28 A31 C2 C1	2	14	16



Seminario	A1 A13 A19 A27 A20 B24	2	0	2
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. O obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe, ou ao inicio dos temas, a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Permite ao alumnado explorar a súa posición de partida en torno ao tema obxecto de estudo e incorporar cambios.
Análise de fontes documentais	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, legislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relación cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende, ademais da lectura da obra en cuestión, a elaboración grupal dunha recensión na que se realice a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados de xeito colectivo (grupo de 4-5 persoas) en torno á lectura da obra seleccionada sobre a que se realizou a recensión. A presentación na clase irá máis aló do contido da obra reseñada, para establecer relación cos contidos e a bibliografía da materia. Será preciso desenvolver, como mínimo, unha sesión de titoría na que presentar o guión do traballo. As datas serán acordadas coa profesora. Cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado acompañando os contidos da materia. Tendo como referencia os contidos das sesións expositivas e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase actividades de carácter individual que irán acompañando o desenvolvemento dos contidos. Buscan afianzar as aprendizaxes, a través de actividades de diversa índole: probas obxectivas, de resposta breve, participación en foros, etc.
Portafolios do alumno	Portafolio virtual no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: reflexións sobre aspectos relevantes da materia, discusións en foros, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais... De cada tema recollerase unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor/a, na aula e no horario de titorías. Acompañando os contidos da materia, a súa entrega e avaliación terá lugar nas datas marcadas durante o curso.
Discusión dirixida	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.



Proba mixta	<p>Pretende determinar os logros do alumnado en termos obxectivos. Consta de preguntas pechadas e preguntas de ensaio. Na pregunta de ensaio, procúrase avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.</p> <p>Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.</p>
Seminario	Actividade de intercambio con profesionais en exercizo ou con especialistas, nas que o alumnado entrará en contacto con experiencias innovadoras, e con dilemas, problemáticas e oportunidades da realidade de traballo nas escolas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral Portafolios do alumno Recensión bibliográfica	<p>Para o desenvolvemento dos diferentes traballos (individuais ou en pequeno grupo) que se plantexen durante o cuatrimestre, o alumnado contará coa orientación e o apoio do profesor/a durante as sesións interactivas, nas horas destinadas ás titorías no despacho, a través do correo electrónico, ou a través de Teams.</p> <p>Para o desenvolvemento do traballo tutelado e a súa presentación oral, será preciso participar, como mínimo, nunha sesión de titorización, nas que facer o seguimento por parte da docente. Esta sesión será acordada coa docente.</p> <p>Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agrádecese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A20 B4 B9 B10 B12 B14 B16 B18 B22 B24 B1 B2 C7 C8 C1	Tendo como referencia os contidos das sesións expositivas e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase actividades que irán acompañando o desenvolvemento dos contidos. Buscan afianzar as aprendizaxes, a través de actividades de diversa índole: probas obxectivas, de resposta breve, participación en foros, etc.	10
Presentación oral	A20 B7 B9 B10 B16 B23 B1 C7 C8 C1 C2 C7	<p>A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos.</p> <p>Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...</p>	10



Portafolios do alumno	A5 B4 B9 B10 B12 B14 B1 B2 C8 C1	<p>Portafolio virtual de carácter grupal composto polas actividades propostas no Moodle asociadas a cada un dos temas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Ao finalizar cada tema inclúese una actividade de valoración do proceso de aprendizaxe.</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p> <p>A entrega de cada una das seccións do portafolio virá marcada polo desenvolvemento dos contidos da materia, dado que son actividades dirixidas a acompañar o proceso de aprendizaxe.</p>	20
Proba mixta	A1 A4 A6 A13 A19 A27 A28 A31 C2 C1	<p>Pretende determinar os logros do alumnado en termos obxectivos. Componse dunha primeira parte de preguntas de resposta pechada (asociación, resposta múltiple, etc.) ou breve (completar, resposta breve); e unha segunda parte de resposta tipo ensaio. Na pregunta de ensaio, procúrase avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.</p> <p>Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.</p>	40
Recensión bibliográfica	A10 A13 A19 A22 A27 A28 A31 B4 B9 B10 B1 B2 C2	<p>Traballo grupal de lectura e análise dunha obra. Valórase a análise do seu contido, a capacidade de reflexión crítica, a capacidade de relación con outros documentos de igual ou parecida natureza, a construción de discurso e expresión de ideas fundamentadas.</p>	20

Observacións avaliación



1.- Para poder ser

calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A ao non poder ser avaliado na totalidade das propostas de aprendizaxe.

2.- Para superar a materia é imprescindible ter acadado un mínimo de 25 sobre 50 nas probas individuais (proba mixta e traballos tutelados) e de 25 sobre 50 nos traballos en grupo (recensión, presentación e portafolio). En caso contrario, a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.

3.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación.

4.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense criterios de avaliación adecuados, en cada caso, ás súas circunstancias, garantindo a igualdade de oportunidades. Criterios de avaliación:

- Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a inicios de curso para a convocatoria de xaneiro, e a inicios do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%).

- Proba mixta (70%).

As pautas e criterios de avaliación están recollidas no Documento de Actividades de Avaliación colgado no Moodle.

5.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 80%.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Abelleira, Ángeles e Abelleira, Isabel (2017). Os fíos de infantil. Vigo: Galaxia.- Asociación Internacional de Ciudades Educadoras (2004). Carta de Ciudades Educadoras.- Ayuste, A. e outros (2005). Planteamientos de la Pedagogía Crítica: comunicar y transformar. Barcelona: Graó.- Carbonell, J. (1996). La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro.- Carbonell, J. (2001). La aventura de innovar. El cambio en la escuela. Madrid: Morata.- Carbonell, J. (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro.- Carr, W. (1995). Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid: Morata.- Casares, P. e Soriano, A. (coords.) (2014). Teoría de la Educación. Educación Infantil. Madrid: Pirámide- Colom, A.J. e Núñez, L. (2001). Teoría de la Educación. Madrid: Síntesis. - Cuesta, R. (2005). Felices y escolarizados. Crítica de la escuela en la era del capitalismo. Barcelona: Octaedro.- De Puelles, M.(2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid: Morata.- Delors, J.(1996). La educación encierra un tesoro. Madrid: Santillana. Ediciones UNESCO.- Delval, J.(1990). Los fines de la educación. Madrid: Siglo XXI.- Delval, J.(2002). La escuela posible. Barcelona: Ariel.- Dewey, J.(1995). Democracia y educación. Madrid: Morata.- Dubet, F.(2005). La escuela de las oportunidades. ¿Qué es una escuela justa? Barcelona: Gedisa.- Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata.- Fernández, M.;Mena, L. e Riviere, J. (2010). Fracaso y abandono escolar en España.Barcelona: Obra Social Fundación ?La Caixa?.- García. A. (2017). Otra educación es posible. Una introducción a las pedagogías alternativas. Albuixech: Litera.- Filho, L.(1992). Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires: Kapelusz.- Freinet, C.(1992). Técnicas Freinet de la Escuela Moderna. Madrid: Siglo XXI.- Freire, P. (2006).El grito manso. Buenos Aires: Siglo XXI.- Gimeno, J. (2003). El alumno como invención. Madrid: Morata.- Gimeno, J. (2005). La educación obligatoria: su sentido educativo y social. Madrid: Morata. - Kaplún, M.(1998). Una pedagogía de la comunicación. Madrid: Ediciones de la Torre.- Llena Berñe, A. y Novella Cámara, A.(Coords.) (2018). Impulsar la participación infantil. Los consejos de infancia y adolescencia. Graó.- Madrid, D. e Barcia, M. (coords.) (2017). Temas clave de educación infantil (0-6 años).- Makarenko, A. S.(1967). Poema pedagógico. Barcelona: Planeta.- Malaguzzi, L. (2011). La educación infantil en Reggio Emilia. Barcelona: Octaedro. - Merieu, P. (1998). Frankenstein educador. Barcelona: Laertes.- Merieu, P.(2001). La opción de educar. Ética y pedagogía. Madrid: Octaedro.- Meirieu, P. (2017). Carta a un profesor mozo. Pontevedra: Kalandraka.- Morin, E. (2001). Los siete saberes necesarios para la educación del futuro. Barcelona:Paidós.- Negrín, O. e Vergara, J. (2003). Teorías e Instituciones Contemporáneas de educación. Madrid: ICE e Ramón Areces.- Neill, A. S.(1974). Summerhill. Un punto de vista radical en la educación de los niños. México: FCE.- Novella et al. (coords). (2014). Participación infantil y construcción de la ciudadanía (Vol. 43). Graó.- Puig, J. M. (coord.) (2009). Aprendizaje servicio (ApS). Educación y compromiso cívico. Barcelona: Graó.- Puig, I. e Sático, A. (2000). Jugar a pensar con niños y niñas de 4 y 5 años. Barcelona: Octaedro.- Salinas Ramos, Konsue (2014). Acercando la educación para el desarrollo a la escuela: una mirada internacional, una mirada local. Navarra: Gráficas Castuera- Santos, M. (2008). La educación como búsqueda. Madrid: Biblioteca Nueva.- Torreblanca, J.(coord.) (2002). Los fines de la educación. Una reflexión desde la Izquierda. Madrid: Biblioteca Nueva.- Trilla, J.(coord.) (2001). El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del sigloXXI . Barcelona: Graó.- Trillo, F.(1994). El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela. Cuadernos de Pedagogía, 228, 70-74.- Tonucci, F. (2014). A cidade dos nenos. Pontevedra: Kalandraka.- Varela, J. (2007). Las reformas educativas a debate. Madrid: Morata.- Villena Higuera, José Luis e Molina Fernández, Elvira (coords) (2015). Ciudades con vida: infancia, participación y movilidad. Barcelona: Graó - VV.AA. (2000). Pedagogías del siglo XX. Barcelona: CISS-Praxis



Bibliografía complementaria	<p>- Adorno, T. W.(1998). Educación para la emancipación. Madrid: Morata.- Aldecoa, J.(1991). Historia de una maestra. Madrid: Anagrama.- Almeida, J.(1995). Sociología de la educación. Notas para un curso. Barcelona:Ariel.- Alonso, A.(2008). Las leyes educativas de la democracia. Descripción y contraste1985-2006. Acción educativa y Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.- Alumnos de laEscuela de Barbiana (1982). Carta a una maestra. Barcelona: Hogar delLibro.- Álvarez-Uría, F.e Varela, J. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid: La Piqueta.- Álvarez-Uría, F.e Varela, J. (2009). Sociología de las instituciones: bases sociales yculturales de la conducta. Madrid: Morata.- Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Dykinson.- Apple, M. e Beane, J.A. (1999). Escuelas democráticas. Madrid: Morata-Paideia.- Aubert, A.(2004). Dialogar y transformar. Pedagogía crítica del siglo XXI.Barcelona: Graó.- Ball, S.J.(Comp.) (2001). Foucault y la educación. Madrid: Morata, 4ª ed.- Barreiro, H. eTerrón, A. (2005). La institución escolar: una creación del estado moderno.Barcelona: Octaedro.- Bauman, Z.(2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida. Barcelona:Gedisa.- Benner, D.(1998). Pedagogía como ciencia. Teoría reflexiva de la acción y reforma dela praxis. Barcelona: Pomares-Corredor.- Caride, J. A. e Meira, P.A. (1996). O diálogo paradigmático na Educación Social. RevistaGalega de Educación, 27, 16-20.- Candedo, M.D. (coord.) (2013). A educación: dereito ou mercadoría?. Santiago de Compostela: Laivento.- Carreño, M.;Colmenar, C.; Egido, I. e Sanz, F. (2000). Teorías e instituciónescontemporáneas de educación. Madrid: Síntesis.- Casas, M. eBotella, J. (2003). La democracia y sus retos en el siglo XXI. Elementospara la formación democrática de los jóvenes. Barcelona: Praxis.- Castillejo, J.L.; Vazquez, G.; Colom, A. J. e Sarramona, J. (1993). Teoría de laeducación. Barcelona: Taurus.- Cela, J. ePalou, J. (1994). Con voz de maestro. Madrid: Celeste.- Colom, A. J.(1997). Teorías e instituciónes contemporáneas de la educación.Barcelona: Ariel.- Costa, A.(2009). A construción do coñecemento pedagóxico: antecedentes edesenvovements no século XX. Santiago de Compostela: Universidade, Sevizode Publicacións e Intercambio Científico.- De la Garza, MªT.(1995). Educación y democracia. Aplicación de la teoría de la comunicación ala construción del conocimiento en el aula. Madrid: Visor.- De Puelles, M.(1991). Educación e ideología en la España Contemporánea (1767-1975).Barcelona: Editorial Labor.- Delgado, B.(1998). Historia de la infancia. Barcelona: Ariel.- Delval, J.(2000). Aprender en la vida y en la escuela. Madrid: Morata.- Díez, C. (2002).El piso de abajo de la escuela: los afectos y las emociones en el día a día de la escuela infantil. Barcelona: Graó.- Dirección General de Educación y Cultura (2004). Competencias para un aprendizaje a lo largo de la vida de 2005. Un marco de referencia europeo. Comisión Europea.- Escolano, A.(2002). La educación en la España contemporánea. Políticas educativas,escolarización y culturas pedagógicas. Madrid: Biblioteca Nueva.- Esteve, J. M. (1994). El malestar docente. Barcelona: Paidós.- Fernández Enguita, M. (1999). La escuela a examen. Madrid: Psicología Pirámide.- Fernández Soria,J. M. (1996). Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid,Síntesis- Ferrer iGuardia, F. (1976). La Escuela Moderna. Madrid: Júcar.- Ferrero, J. J.(1994). Teoría de la educación: Lecciones y lecturas. Bilbao,Universidad de Deusto- Freire, P.(1970). Pedagogía del oprimido. Madrid: S.XXI.- Freire, P.(1997). A la sombra de este árbol. Barcelona: El Roure.- García Aretio,L. (1998). La Educación. Teorías y conceptos. Perspectiva integradora.Madrid: Paraninfo.- García, J. eGarcía, A. (1996). Teoría de la educación. Salamanca: Universidad deSalamanca.- Gimeno, J. e Carbonell, J. (coords.) (2003). El sistema educativo. Una mirada crítica .Barcelona: CISS-Praxis.- Guerrero, A.(1996). Manual de sociología de la educación. Madrid: Síntesis.- Gómez RodríguezDe Castro, F. e outros (1998). Génesis de los sistemas educativos nacionales.Madrid: UNED.- Guttman, A.(2001). La educación democrática. Una teoría política de la educación.Barcelona: Paidós. - Halliday, J.(1995). Educación, gerencialismo y mercado. Madrid: Morata.- Hargreaves, A.(1996). Profesorado, cultura y posmodernidad. Madrid: Morata.- Illich, I.(1974). La sociedad desescolarizada. Barcelona: Seix Barral.- Imbernon, F.(coord.) (1999). La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato . Barcelona: Graó.- Llopis, R.(2005). La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General dePrimera Enseñanza. Madrid: Biblioteca Nueva.- López López, Mª Rosario et al. (2009). Educar para convivir: xogos e obradoiros de educación para o desenvolvemento en primaria. Madrid: Los libros de la Catarata- Martín Rodríguez,E. (1988). La supervisión educativa a la luz de las tradiciones y teorías científicas de la organización escolar. En Supervisión educativa(pp.47-67). Madrid: Uned.- McCourt, F.(2006). El profesor. Madrid: Maeva.- Medina, R.;Rodríguez, T.; García, L. (1992). Teoría de la educación. Madrid: UNED.- Moore, T. W.(1987). Introducción a la teoría de la educación. Madrid: Alianza.- Negrín, O. eVergara, J. (2005). Antología de textos de Teorías e InstitucionesContemporáneas de educación. Madrid: Ramón Areces.- Neill, A.S.(1994). El nuevo Summerhill. México: FCE.- Palacios, J.(1988). La cuestión escolar. Críticas y alternativas. Barcelona: Laia.- Pennac, D.(2008). Mal de escuela. Barcelonaa: Mondadori.- Popkewitz, Th. S(1994). Sociología</p>
------------------------------------	--



política de las reformas educativas. Madrid: Morata.- Porto, A.S.(1986). La Institución Libre de Enseñanza en Galicia. Sada (A Coruña):Edicións do Castro.- Pozo, Mª M(2004). Teorías e Instituciones contemporáneas de educación. Madrid:Biblioteca Nueva.- Rousseau, J.J.(1984). Emilio o de la educación. México: Porrúa. 9º edic.- Ruiz, A. (2002).La escuela pública. El papel del Estado en la educación. Madrid: BibliotecaNueva.- Savater, F.(1997). El valor de educar. Barcelona: Ariel.- Santos Rego, M.A. (ed.) (2009). Políticas educativas y compromiso social. El progreso de la equidad y la calidad. Barcelona: Octaedro.- Sánchez Arbós,M. (2005). Mi diario. Zaragoza: Diputación General de Aragón y Caja deAhorros de la Inmaculada.- Sánchez Arbós,M. (2007). Una escuela soñada. Textos. Madrid: Biblioteca Nueva.- Sarramona, J.(2000). Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica.Barcelona: Ariel.- Sarramona,J.;Colom, A.J.; Vázquez, G. (1998). Educación no formal. Barcelona: Ariel.- Skinner, B.F.(1985). Walden Dos. Barcelona: Martínez Roca.- Subirats, M.-Brullet, C. (1988). Rosa y azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta. Madrid: Instituto de la Mujer.- Taibo, C. (dir.)(2010). Decrecimientos. Sobre lo que hay que cambiar en la vida cotidiana.Madrid: Catarata.- Tiana, A.;Ossenbach, G. e Sanz, F. (coords.) (2002). Historia de la educación (Edad Contemporánea) . Madrid: UNED.- Torres, J. (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Morata.- Torres Santomé,J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata.- Trilla, J.(1993). La educación fuera de la escuela. Barcelona: Ariel.- Viñao Frago, A.(2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX.Madrid: Marcial Pons.- VV.AA. (2003). Laparticipación de los padres y madres en la escuela. Barcelona: Graó.- VV.AA (1995). Volver a pensar la educación. Volumen I: Política, educación y sociedad . Madrid:Morata e A Coruña: Paideia.Lexislación básica:- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 10 de decembro de 1948.- Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos da Infancia (1989).- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.- Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación.- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación. - Lei Orgánica 8/2013, de 10 de Decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Aconséllase subir una fotografía ao perfil do Moodle/Teams,

para facilitar a identificación do alumnado no traballo virtual. Non se admitirán traballos dos que a profesora non teña constancia da súa realización. As datas de entrega dos traballos son propostas con antelación suficiente, polo que, logo de seren consensuadas no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais coa debida xustificación, estas son inamovibles. Seguiranse en cada caso as indicacións dadas na aula para a realización dos traballos e actividades de avaliación, que tamén se atoparán colgadas no Moodle. Os traballos presentaranse en formato dixital e sempre axeitadamente identificados (nome da alumna/o, curso, grupo, equipo, materia e nome da docente). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Igualmente, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En consonancia coa integración dunha perspectiva feminista nesta materia, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase

a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada. O calendario de titorías está exposto na web da Facultade e no taboleiro da porta do despacho.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías